



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, BARREIRAS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

Artigo 1.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3 g), ámbolos dous da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 23 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por “ocupación terreos de uso público local con mercancías, materiais de construción, escombros, barreiras, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas”, especificado nas Tarifas contidas no apartado 2 do artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu a oportuna autorización.

Artigo 3.- Contía

1. A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte.
2. As tarifas da taxa serán as seguintes:
 - **0,150253 euros/m2/día.**
 - **0,997680 euros/m2/semana.**
 - **3,894558 euros/m2/mes.**
 - **43,633479 euros/m2/ano.**

Artigo 4.- Normas de aplicación da tarifa

Cando as obras se interrompesen durante un tempo superior a 2 meses, sen causa xustificada, as contías resultantes por aplicación da tarifa 2, sufrirán un recargo do 100% a partir do terceiro mes e, en caso de que unha vez finalizadas as obras continuasen os aproveitamentos, as contías serán recargadas nun 200%.



Artigo 5.- Normas de xestión

1. De conformidade co previsto no artigo 24.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 xullo, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza se producisen danos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licenzas ou os obrigados ao pagamento virán suxeitos ao reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales danos ou a reparar os danos causados, que serán en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.
2. As cantidades esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.
3. As persoas interesados na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza.
4. Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.
5. A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte ao sinalado no epígrafe da tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar co aboamento da taxa.
6. Outras normas de xestión, aprobadas polo Concello Pleno en sesión de data 18-06-1990:
 - Solicitarse licenza de valado, con licenza de obras
 - Se se ten licenza de obra actual, solicitarase licenza de valado
 - O valado será pintado e como mínimo de 2m de alto
 - Os locais do baixo estarán pechados
 - Limparase a vía pública ou beirarrúa, en caso de escombros ou carga e descarga de materiais, así como indicadores de perigo
 - Excluirase do tempo de valado, a ocupación da grúa ou elevador
 - O pagamento do valado garantirase mediante aval bancario, e esixirase un pago de 2 meses como mínimo

Artigo 6.- Obrigación de pagamento

1. A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace:
 - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.
 - b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada semestre natural.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2. O pagamento da taxa realizarase:

- a) Tratándose de autorizacións de novos aproveitamentos ou de aproveitamentos con duración limitada, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar a licenza ou documento que corresponda.
- b) Tratándose de autorizacións xa concedidas e sen duración limitada, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, por semestres naturais, nas oficinas da Recadación Municipal, desde o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo.

Disposición final

A presente Ordenanza que consta de seis artigos, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia esta modificación, permanecendo en vigor en tanto non se produza a súa modificación ou derogación expresa.